



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/30	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xullo de 2018
Duración	Desde as 13:16 ata as 13:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 23 de xullo de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 30 de xullo de 2018.

Expediente 3386/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 3386/2018.- Outorgar a "INVERSIONES LU PAI SL", e outros, con enderezo en Pobra de Valbona, Urbanización Les Penyes-Suecia, nº 8-Valencia, licenzas de obras para en rúa Antonio Nores, nº 12-Cangas, rehabilitar e ampliación a edificación existente destinada a baixo comercial e tres vivendas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto F.B.P. de xuño de 2018. A licenza outórgase condicionada a que antes do inicio das obras presente o proxecto de execución visado e oficios de dirección destas, deberá cumprir o establecido nos artigos 47 e 38 do PEPRI, e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento trinta e seis mil catrocentos sesenta e sete euros con corenta e oito céntimos (136.467,48 €).

Expediente 5650/2017. Licenza de legalización de obras

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 5650/2017.- Outorgar a A.M.L.G., con enderezo en rúa Conde de Torrecedeira, nº 34-1°C-Vigo, sito no lugar do Lagar-Vilariño-O Hío, licenza para a legalización de obras realizadas no interior dunha vivenda sita no Viso-O Hío (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto R.C.T. de data abril de 2018. O presuposto de execución material ascende a catorce mil euros (14.000 €).

Expediente 3701/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3701/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.M.G.R., para a construción dun cerramento de 81,47 ml., no lugar da Pedreira-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos cincuenta e tres euros (1.253,00 €).

Expediente 2918/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2918/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "VODAFONE ESPAÑA SA", para a instalación de unha estación de base para equipos de telecomunicación no lugar das Fenteiras-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro técnico industrial A.C.P., de data 25 de maio de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil novecentos trinta euros (2.930,00 €).

Expediente 3742/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3742/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.N.S., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Rubiña, nº 3-Parada-Coiro, para pintado de fachadas e reparación de soleira exterior en rúa Rubiña, nº 3-Parada-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cento dezaseis euros con setenta e seis céntimos (3.116,76 €).

Expediente 2272/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2272/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por I.P.O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lapiña, nº 7-Nerga-O Hío, para reparación de muro tradicional en parcela sita en rúa Lapiña, 7, Nerga (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos setenta e un euros con corenta e catro céntimos (271,44 €).

Expediente 7194/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unanimidade/Asentimento

Vista da información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a L.G.G., con DNI nº X, con expediente nº 36008/02/002593–62807 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

- Data de efectos da baixa: 12 de xullo de 2018.

Expediente 2164/2017. Variacións no Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.F.M., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/003052 – 50869, a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e catro euros con trinta e seis céntimos (134,36 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 1 de agosto de 2018.

Expediente 3792/2018. Variacións no Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do servizo de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

* MODIFICAR a proposta de concesión do Servizo de Axuda no Fogar a B.D.C., con DNI nº X, con expediente nº 36008/02/2841-63624 e de acordo cos seguintes detalles:

Quenda: prestación do servizo a través do *Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia* (*actualmente é beneficiario do servizo a través da quenda de libre concorrencia* (30 h/mes).

Intensidade: 34 horas mensuais, sendo o máximo de horas actualmente dispoñibles a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a ampliálo na totalidade das 45 horas mensuais aprobadas no seu programa de atención individualizada.

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e catro euros con seis céntimos (54,06 €/mes) (34 horas); setenta e un euros con cincuenta e cinco céntimos (71,55 €) (45 horas).

Custo do servizo total: 34hs-411,74€ /45hs- cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) [doce euros con once céntimos (12,11€/hora)].

Data de efectos da modificación do SAF: a partir do 1 de agosto de 2018.

Expediente 2182/2017. Variacións no Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a I.A., con NIE nº X e expediente nº 36008/01/002041-53261 do Servizo de Axuda no Fogar, por renuncia expresa da usuaria.

Data de efectos da baixa: 23 de abril de 2018.

Expediente 7747/2017. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para adhesión ao protocolo asinado entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia “Concellos Doing Business”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O mércores 13 de decembro na delegación territorial da Xunta en Vigo, presentáronse os obxectivos do protocolo asinado entre a FEGAMP e a XUNTA e denominado “Concellos Doing Business”, para o fomento a implantación de grandes empresas nos polígonos industriais e parques empresariais galegos. Este protocolo enmárcase como unha das iniciativas da Xunta, logo da aprobación da “*Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*”.

Os principais incentivos deste protocolo céntranse na bonificación de determinados impostos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



empresariais, dependendo, entre outros factores, da cantidade de postos de traballo que se vaian a crear cos novos proxectos empresariais que se implanten no concello.

Así, no imposto sobre bens inmobles (IBI), no imposto sobre actividades económicas (IAE) e no imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), a bonificación chegará a ser do 95%, no caso de que a empresa cree máis de 20 postos de traballo, pola creación de entre 11 e 20 empregos a redución será do 75% e do 50% para a creación de ata 10 postos de traballo. Estes incentivos están dirixidos a aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes, sempre e cando garanticen a creación de emprego.

O Concello de Cangas mediante esta adhesión beneficiarase das medidas que a Xunta poña en marcha para apoiar ó tecido empresarial, é dicir, naquelas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento e terá preferencia cando as convocatorias sexan en réxime de concorrencia competitiva".

A efectos de recadación de impostos, as rebaixas fiscais aplícanse a novos proxectos empresariais que se implanten ou ampliación das existentes sempre e cando impliquen creación de emprego. No ano 2018 procederíase á aprobación en pleno das modificacións das ordenanzas fiscais e taxas municipais que correspondan, e estas modificacións entrarían en vigor para súa aplicación no seguinte ano logo da aprobación plenaria. Estas medidas de carácter fiscal deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para adhesión do Concello de Cangas ao protocolo asinado entre a FEGAMP e a XUNTA DE GALICIA denominado "*Concellos Doing Business*". Anexo a esta proposta o procedemento que establece a FEGAMP.

SEGUNDO.- Dar traslado desta proposta aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Tesourería, para estudar a viabilidade da proposta e emitir os informes perceptivos.

Expediente 3284/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local de renuncia de postos de venda de peixe no Mercado de Abastos Municipal

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa propostas de data 26.07.2018, referentes a renuncias de postos de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento das renuncias formuladas sobre as concesións dos postos de peixe nº 9 e nº 18 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial, recordándolle ás titulares que deben abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ás interesadas xunto cos recursos procedentes, así como,



aos departamentos municipais de tesourería e Concellería de desenvolvemento económico e emprego Local, co fin de deixar constancia no expediente do posto e a súa comunicación ao conserxe do mercado.

Expediente 824/2018. Propostas de adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 do contrato de servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO LOTE 1: DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DECORATIVA TEMPORAL

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 26.07.2018, referente á adxudicación definitiva do lote 1: Deseño, subministración e instalación de iluminación decorativa temporal, que é como segue:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'CREACIONES LUMINOSAS SL', con NIF nº X, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 8701 do día 23.07.2018) a documentación requirida relativa á declaración responsable de vixencia e non variación na inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificante do pago do anuncio de licitación de vinte e seis euros con oitenta e sete céntimos (26,87 €), e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil trescentos dezanove euros con cincuenta céntimos (1.319,50 €), mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'CREACIONES LUMINOSAS SL', con NIF nº B36351484, o contrato administrativo de servizo de deseño, subministración e instalación de iluminación decorativa temporal por importe total de trinta e un mil novecentos trinta e un euros con noventa céntimos (31.931,90 €) (21% de IVE incluído), desglosado nas seguintes partidas:

Ø Iluminación Festas do Cristo 2018..... catorce mil novecentos noventa e un euros con noventa céntimos (14.991,90 €) (IVE incluído).

Ø Iluminación Nadal 2018..... dezaseis mil novecentos corenta euros (16.940,00 €) (IVE incluído).

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 338-22699 e 330-22799 do vixente



orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'CREACIONES LUMINOSAS SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato a Alfonso Sestay Martínez, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".

B) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO LOTE 2: CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 28.07.2018, referente á adxudicación definitiva do lote 2: Contratación de orquestras, que é como segue:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'LESODA SL', con NIF nº X, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada 2018-E-RE-643 do día 26.07.2018) a documentación requirida e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de mil seiscientos euros (1.600,00 €), mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'LESODA SL', con NIF nº X, o contrato administrativo de servizo de contratación de orquestras para as festas do Cristo 2018, por importe total de trinta e oito mil setecentos vinte euros (38.720,00 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 338-22699 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'LESODA SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato a E.G.G., a quen lle corresponderá supervisar a súa



execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".

C) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO LOTE 3: PRODUCCIÓN, ESCENARIOS E SON

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 28.07.2018, referente á adxudicación definitiva do lote 3: Producción, escenarios e son, que é como segue:

"Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL', con NIF nº X, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada 2018-E-RC-8785 do día 24.07.2018) a documentación requirida e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil novecentos euros (1.900,00 €), mediante aval de entidade financeira.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL', con NIF nº X, o contrato administrativo de servizo de contratación de produción e contratación de escenario e son para as festas do Cristo 2018, por importe total de corenta e seis mil cincocentos oitenta e cinco euros (46.585,00 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes melloras:

- 1.- Documentación biografías e hitos artistas do cartaz musical festas.*
- 2.- Redación, maquetación, envío, chequeo recepción notas de prensa (x12). 2 previas e unha por cada día de festas.*
- 3.- Xestión entrevistas a organización e artistas.*
- 4.- Xestión media partners.*
- 5.- Pressclipping.*
- 6.- Email marketing: 4 envíos información concertos ao público afín. Base de datos de máis de 20.000 contactos en Galicia.*

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 338-22699 do vixente orzamento municipal.



Concello de Cangas

Terceiro.- Notificar a 'ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato a M.L.N., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

Sétimo.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151 da LCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850